

Pasos a seguir para a instalación e parámetros de configuración e execución da aplicación desde a internet e no servidor cliente.

1. Instalar un lector de documentos PDF: Adobe Acrobat Reader
<http://get.adobe.com/es/reader/>

2. Executar Edilim:

Para executar Edilim non é necesario instalar nada no ordenador (o único que precisa LIM para o seu funcionamento é o plug-in flash).

Lim é un ámbito para a creación de materiais educativos, formado por un editor de actividades (EdiLim), un visualizador (LIM) e un arquivo en formato XML (libro) que define as propiedades do libro e as páxinas que o compoñen.

Edilim ten accesibilidade inmediata dende internet, sendo independente do sistema operativo, hardware e navegador web. Tecnoloxía Macromedia Flash, de contrastada fiabilidade e seguridade. Ámbito aberto, baseado no formato XML. Posibilidade de utilización con ordenadores, PDA e Plataformas Dixitais Interactivas.